



## RESUMO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE **MATEMÁTICAS II**

### **UNIDADES DIDÁCTICAS**

#### 1ª AVALIACIÓN

- 1 Matrices
- 2 Determinantes
- 3 Sistemas de ecuacións
- 4 Vectores no espazo
- 5 Puntos, rectas e planos no espazo

#### 2ª AVALIACIÓN

- 6 Xeometría métrica
- 7 Límites e continuidade.  
Cálculo diferencial

#### 3ª AVALIACIÓN

- 8 Cálculo integral
- 9 Probabilidade
- 10 Distribucións de probabilidade

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

En cada avaliación realizaranse dúas probas escritas: un primeiro control, nunha data consensuada entre alumnado e o profesor, na que se avaliará a materia impartida ata esa data; e un exame final de avaliación, no que se avaliará toda a materia impartida nesa avaliación, incluída a que xa foi obxecto de avaliación no primeiro control.

O primeiro control terá unha ponderación do 20% no cómputo total da nota de avaliación, mentres que o exame final terá unha ponderación do 80%. Deste xeito a cualificación de cada unha das dúas primeiras avaliacións virá dada por:

**NAV = 0,20 NC + 0,80 NE**, sendo NC a cualificación obtida no control e NE a nota obtida no exame.

**A nota final do curso virá dada pola media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.**

Unha alumna ou un alumno aprobará a materia de Matemáticas II se a súa **nota final na materia é igual ou superior a 5.**

No caso de que, unha vez avaliados e cualificados todos os contidos das tres avaliacións, un alumno ou unha alumna non aprobase a materia, poderá realizar un exame final antes da avaliación ordinaria onde se examinará daquelas avaliacións que teña suspensas. A nota obtida neste exame final en cada unha das avaliacións suspensas substituirá á nota orixinal desas avaliacións no caso de ser superior.

A este exame final tamén poderá presentarse aquel alumnado que desexe mellorar a súa nota nalgunha das avaliacións.

Aquel alumnado que logo desta proba final non superase a materia, deberá realizar a proba da **avaliación extraordinaria**. Nesta proba o alumnado terá que examinarse de **toda a materia do curso**.